DOWN Galicia

Revista informativa trimestral

Número 23· **Abril 2022**



O Movemento Down inunda Galicia polo 21M

Acto central en Compostela para achegar agradecementos e reivindicacións

Actos locais de visibilización en Pontevedra, Lugo, Ourense e Ferrol

Administracións e medios colaboran na difusión do Día Mundial

Down Galicia reúnese coa Conselleira de **Política Social** para achegarlle **novas demandas** ➜

Índice

21M / Manifesto e Premios no acto central en Compostela 2

21M / Actos locais en Pontevedra, Lugo, Ourense e Ferrol 6

21M / 'Grazas por tanto', a campaña deste Día Mundial 11

21M / Iluminación especial nos monumentos das cidades 12

21M / Implicación de CRTVG e os xornais galegos 13

21M / A libreta Down ecolóxica para sementar a inclusión 14

Down Galicia achega a Política Social novas demandas 15

Reivindicando unha educación inclusiva no 24X 17

A Xunta subvencionou a contratación de 9 profesionais 19

Fichaxe na utillería no Hockey Club Liceo 20

Mostra en Compostela para reivindicar a muller galega 21

Un mozo ourensán realiza as súas prácticas no Campus 22

Xuntos aposta polo deporte inclusivo asinando 3 convenios 23

Iris cumpre un soño: entra a traballar no mundo da moda 24

A mocidade de Down Lugo comparte opinións no seu blog 25

Séguenos, subscríbete e contacta 26

© Publicación da Federación Down Galicia

Textos e deseño realizados polo Departamento de Comunicación



Sesión de envellecemento de Teima. Foto de arquivo



Elena García e Ramón Castro, presentadores do acto

Manifesto do Día da Síndrome de Down: "Aínda queda moito camiño por percorrer e moitas metas por acadar"

Tras dous anos de parón pola crise sanitaria derivada da pandemia da COVID-19, o Movemento Down en Galicia retomou na noite deste 21 de marzo os actos presenciais para conmemorar o Día Mundial da Síndrome de Down. Nunha gala, na que tamén se celebraban os 25 anos da Fundación Down Compostela, as persoas coa síndrome de Down reclamaron unha vez máis a igualdade de dereitos e oportunidades para o colectivo. Elena García López, condutora do evento xunto ao xornalista Ramón Castro, agradeceu á sociedade a súa implicación desinteresada na inclusión das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e recalcou que "aínda queda moito camiño por percorrer" para acadar un mundo sen exclusións de ningún tipo.

Coa lectura do Manifesto do Movemento Down polo 21M, alzou a súa voz para deixar claro que as persoas coa síndrome de Down queren "aprender e participar nas mesmas aulas" que os seus compañeiros e compañeiras, vivir nunha "sociedade xusta, baseada no respecto á diversidade e na inclusión de todas e todos" e "ser persoas autónomas e independentes", entre outras reivindicacións.

Cun aforo limitado pola COVID-19, máis de 100 persoas acudiron ao evento celebrado no Hostal dos Reis Católicos, co que a Federación Down Galicia e a Fundación Down Compostela quixeron conmemorar este novo Día Mundial.

As persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais volveron a ser as protagonistas imprescindibles dun acto ao que asistiron o director xeral de maiores e persoas con discapacidade, Fernando González Abeijón, e o alcalde de Santiago de Compostela, Xosé A. Sánchez Bugallo.

O presidente da Fundación Down Compostela, Juan Martínez, comezou a súa intervención facendo alusión aos dous anos de parón desta conmemoración por mor da pandemia e pediu desculpas "a todas aquelas persoas que querían estar aquí e non poden asistir polas limitacións de aforo", xa que a entidade quería "organizar un acto sinxelo e limitado para seguir loitando contra a COVID-19". Aproveitou tamén o presidente de Down Compostela para "agradecer aos premiados desta edición, que tardaron dous anos en recoller o seu premio", "a todos eses empresarios e empresarias que creron nas posibilidades das persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual para incorporarse ao mercado laboral" e tamén "facer extensivo este agradecemento ás administracións que atenderon moitas das reivindicacións".

Martínez destacou que "nuns tempos nos que algúns prefiren as bombas, outros seguimos apostando polo diálogo para seguir avanzando e mellorando". O presidente da Fundación non quixo finalizar sen lembrarse das persoas usuarias da entidade, de quen dixo que sen a súa forza, as súas ilusións e as súas ganas de cambiar o mundo para facelo mellor e máis humano "hoxe non estariamos aquí" e pechou o seu discurso indicando que "unha persoa fai a diferenza, pero moitas persoas fan o cambio".



Juan Martínez, presidente de Down Compostela



Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia

Pola súa parte, o presidente de Down Galicia, Delmiro Prieto, aproveitou a primeira parte do seu discurso para felicitar á Fundación Down Compostela polo seu 25 aniversario e para agradecerlles "o apoio e o traballo conxunto dende hai máis de dúas décadas".

Tras este inicio, Prieto tamén quixo expresar o seu "recoñecemento e agradecemento a todas aquelas persoas que apoiaron o traballo do Movemento Down e confiaron nas capacidades das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais durante estes anos". Tras estas palabras, o presidente da Federación aproveitou para continuar reivindicando a importancia dunha educación inclusiva, "a única educación posible, onde non se segregue a ninguén polo feito de ter unha discapacidade".

Quixo destacar tamén "o percorrido do programa de Emprego con Apoio, que neste 2022 cumpre 20 anos nos que se demostrou que a inclusión laboral en contornas ordinarias é posible".

Para finalizar a súa intervención, o presidente da Federación salientou a importancia de "levar a cabo canto antes actuacións que aborden as necesidades das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais durante a etapa do envellecemento".

Prieto engadiu que "o aumento da esperanza de vida e o envellecemento precoz do colectivo fan prioritarias accións conxuntas para manter a súa calidade de vida".

IX Premios Down Compostela

Un dos puntos álxidos da noite foi a entrega dos IX Premios Down Compostela, que teñen por obxecto recoñecer o labor a prol da promoción da autonomía e igualdade das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, realizado tanto por institucións e entidades como por persoas particulares. A entrega destes galardóns, que xa foran notificados no ano 2020, quedou suspendida ata o momento actual por mor da situación de crise sanitaria derivada da pandemia da COVID-19.

Nesta ocasión a Fundación Down Compostela acordou recoñecer o traballo que veñen realizando a doutora María José Fernández Seara, o artista Xurxo Martiño e a empresa Emetel concedéndolles os Premios Down Compostela 2022 pola súa implicación na mellora da saúde das persoas con síndrome de Down e outras discapacidades, por promover a expresión artística das persoas con trisomía 21 e por favorecer a súa inclusión laboral no campo das novas tecnoloxías.

Carlota Rodríguez, traballadora de Emetel, quixo agradecer á empresa a aposta pola inclusión laboral do colectivo. "Abríronme as portas ao mundo laboral para que as persoas con discapacidade intelectual e síndrome de Down teñamos as mesmas oportunidades que os demais". Alex Lado fixo entrega do Premio Down Compostela 2022 a José Luis Arístegui, director xeral de Emetel.

Antía Losada deu as grazas a María José Fernández Seara "por preocuparte pola nosa saúde". Antía engadiu que co seu traballo "os nenos e nenas coa síndrome de Down temos unha mellor calidade de vida". Dani Penalta e a súa familia foron as persoas encargadas de entregarlle o Premio Down Compostela 2022 á galardoada.

Por último, Carla Lojo presentou o premio outorgado ao artista Xurxo Martiño, do que é alumna, ao que agradeceu que lles ensinase "a amar a pintura". Carla quixo destacar que "coa súa atención e estilo, ensinounos a plasmar as nosas emocións e sentimentos a través da arte de pintar". Álvaro Díez, outro dos alumnos de Xurxo Martiño, fixo entrega do Premio Down Compostela 2022 ao artista.



Actos locais de visibilización en Pontevedra, Lugo, Ourense e Ferrol

As entidades Down de Galicia tamén realizaron o 21 de marzo diversos actos locais polo Día Mundial da Síndrome de Down. As persoas usuarias e familias de Pontevedra, Lugo e Ourense saíron á rúa a reivindicar os seus dereitos e dar visibilidade ao colectivo, mentres en Ferrol achegaron as súas demandas ás administracións da comarca.

Xuntos involucra á sociedade pontevedresa

Down Pontevedra Xuntos quixo reivindicar a importancia da inclusión das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais involucrando á sociedade pontevedresa no seu cometido.

Así, situados na Praza da Peregrina, nas inmediacións do Hospital Provincial e preto da sede de Xuntos na Rúa Gorgullón, a entidade colocou tres photocalls nos que animaban a todas aquelas persoas que o desexasen a sacar unha fotografía e subila a redes sociais mencionando á asociación e incluíndo o hashtag #inclusion.

Ata estes lugares tamén se achegaron distintos persoeiros da cidade, que coas súas fotografías quixeron concienciar sobre a importancia das sociedades plurais e diversas. Deste xeito, non deixaron pasar esta oportunidade o actor David Amor; a influencer Natalia Maquieira; o alcalde da cidade, Miguel Anxo Fernández Lores; o concelleiro de benestar social, Marcos Rey Pazos; ou Alberto Ribas, do blog Alvientooo, entre outras.

Pero ademais, as persoas usuarias da asociación quixeron reivindicar unha vez máis os seus dereitos participando en dúas lecturas públicas do Manifesto do Movemento Down polo Día Mundial da Síndrome de Down. Así, aproveitando a proxección da película Valentina nos concellos de Cambados e Soutomaior, Ángeles e Matías alzaron a súa voz para dar as grazas a aquelas persoas e entidades que entenden que a inclusión é a base de calquera sociedade e instaron a todos e todas a seguir traballando para derrubar barreiras e alcanzar a igualdade de oportunidades nun mundo máis xusto para todas as persoas.

Ademais destes actos, Xuntos está a participar tamén en distintas actividades durante estas semanas co obxectivo de sensibilizar ás crianzas sobre as capacidades das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

A Escola infantil O Grupo (Marín), o CEIP Plurilingüe de Carballedo (Cotobade), o CEIP Santo André de Xeve (Pontevedra) e o CEIP San Martiño (Pontevedra) son os centros educativos nos que profesionais e persoas usuarias da entidade están a dar visibilidade á importancia de que todos os nenos e nenas compartan espazo nas aulas e no moito que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais poden ofrecer á sociedade da que forman parte.

O edificio do Concello de Pontevedra luce durante estes días unha pancarta de Xuntos con motivo desta sinalada data. A colocación da mesma tivo lugar coa presenza do alcalde, Miguel Anxo Fernández Lores, o concelleiro de Benestar Social, Marcos Rey, e o presidente de Xuntos, Manuel Pérez Cabo.



Photocall de Xuntos na Praza da Peregrina

Down Lugo visibiliza ao colectivo

Con motivo do Día Mundial da síndrome de Down, a asociación Down Lugo colocou na tarde do 21M na Praza Maior da cidade unha mesa informativa para dar visibilidade ao traballo da entidade e sensibilizar acerca das capacidades das persoas coa síndrome de Down.

En primeira persoa, mozos e mozas da asociación foron as encargadas de desmontar mitos e prexuízos sobre a síndrome de Down, e reivindicaron unha vez máis os seus dereitos como cidadáns e cidadás de pleno dereito, incidindo na importancia da inclusión e da eliminación das barreiras existentes na contorna.

Acompañados por Máximus, a mascota do Club Baloncesto Breogán, tamén entregaron chapas conmemorativas e animaron á sociedade lucense a sacar fotografías no photocall colocado para a ocasión.

Ademais, para continuar conmemorando o Día Mundial da síndrome de Down, o Breogán tamén colabora con Down Lugo dedicándolle o partido do sábado 26 de marzo contra o Obradoiro no Pazo dos Deportes da cidade.

Estas accións están incluídas dentro dos actos que a Asociación Down Lugo e o movemento Down Galicia levaron a cabo para conmemorar esta sinalada data.



Photocall de Down Lugo na rúa

Down Ourense reivindica dereitos

As persoas usuarias de Ourense quixeron reivindicar no Día Mundial os dereitos do colectivo nas rúas da cidade coa organización dun acto para sensibilizar á sociedade ourensá.

Situada na intersección das rúas do Paseo e da Concordia, a entidade colocou unha mesa informativa para explicar a metodoloxía de traballo que distingue ás entidades Down de Galicia, baseada na mellora da calidade de vida de cada persoa coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e das súas familias, a través da inclusión social e da utilización dos recursos ordinarios da comunidade.

Ademais, calquera persoa que o desexase tivo oportunidade de deixar a súa mensaxe no panel co que a asociación quixo facer reflexionar ás persoas que se achegaron ao stand.



Murais reivindicativos na rúa en Ourense

Na inauguración do acto participaron o delegado territorial da Xunta en Ourense, Gonzalo Alén; a deputada provincial da área de Benestar Social, Luz Doporto; e o tenente alcalde do concello de Ourense, Armando Ojea, que acompañaron á vicepresidenta de Down Ourense, Mª del Mar Prieto Fortes, e a todas as persoas usuarias alí presentes.

Pero o momento máis destacable foi a lectura do manifesto, co que os membros da entidade levantaron a súa voz e reclamaron os seus dereitos.

Ademais deste acto central, Down Ourense participou tamén en distintas actividades durante toda a xornada co obxectivo de sensibilizar ás e aos máis pequenos sobre a importancia da inclusión e sobre as capacidades das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

Así, durante a mañá, profesionais da entidade desprazáronse ata o IES de Quiroga (Lugo) para impartir dúas charlas de sensibilización a alumnado de 1º de ESO. A través do xogo "Quen é quen?" trataron de romper estereotipos e prexuízos sobre o que poden e non poden facer as persoas coa síndrome de Down. Ao finalizar a dinámica, realizaron un pequeno mural cos mitos e realidades.

Pola tarde, a asociación organizou un contacontos-obradoiro para nenos e nenas de entre 6 e 12 anos na Biblioteca Pública da cidade. A actividade iniciouse coa narración do conto "O cazo de Lorenzo" e continuou cun pequeno taller de creación de marcapáxinas personalizados que cada persoa participante puido levar para casa.

Teima presenta demandas ante as administracións

Os membros de Teima Down Ferrol participaron en varios actos nos que persoas usuarias da entidade reivindicaron en primeira persoa os seus dereitos.

O Salón de Plenos do Concello de Narón acolleu durante a mañá o primeiro deles. A alcaldesa da localidade, Marián Ferreiro, e a presidenta de Teima, Patricia Serantes, abriron o acto destacando a necesidade de acabar coas barreiras existentes na sociedade para poder alcanzar unha igualdade de oportunidades real e deron paso a un vídeo realizado por Rober Amado con motivo desta sinalada data.

Tras este inicio, 21 persoas coa síndrome de Down xunto cos seus pais, nais e irmáns expuxeron 21 desexos e dereitos relacionados coa importancia da inclusión en todos os ámbitos. Tamén reclamaron a necesidade do bo funcionamento dos recursos ordinarios da comunidade, como o transporte público, tan necesario para poder estudar, formarse ou traballar. E, por suposto, puxeron de manifesto a gran materia pendente dos concellos, o emprego público, reclamando máis procesos selectivos para persoas con discapacidade intelectual.

Os actos conmemorativos continuaron pola tarde coa visita do alcalde de Ferrol, Ángel Mato, á sede de Teima. Nun ambiente máis distendido, persoas mozas e adultas usuarias da asociación trasladaron ao rexedor as súas inquedanzas na loita por unha sociedade máis inclusiva e baseada na pluralidade e na diversidade. Así mesmo, tamén fixeron fincapé na importancia do emprego público a nivel municipal.



Acto no salón de plenos de Narón



Accións que axudaron a visibilizar o 21M

‘Grazas por tanto’, a campaña de Down España neste Día Mundial

Este ano, en Down España quixeron que a campaña para o Día Mundial da Síndrome de Down, fose toda unha homenaxe de agradecemento aos centos de miles de persoas que, desde o seu anonimato e sen esperar nada a cambio, fan a vida das persoas con síndrome de Down máis bonita. Por iso, o lema para o noso gran día deste ano 2022 é #GraciasPorTanto.

Down España lanzou o anuncio da campaña para o Día Mundial da Síndrome de Down cunha emotiva historia que conta a relación entre Alba e Rosa, e como a primeira lle dá as grazas dunha maneira sorprendente á segunda, a tendeira do seu barrio de toda a vida.

Ademais, deseñáronse unha serie de accións ás que á cidadanía se pediu sumar para apoiar a inclusión das persoas coa síndrome de Down na sociedade e mostrarlles o seu agarimo e respecto.



Iluminación dos principais monumentos de Galicia

Os principais monumentos das sete grandes cidades de Galicia conmemoraron o Día Mundial da síndrome de Down.

A Cidade da Cultura, o Hostal dos Reis Católicos, a Casa das Campás de Pontevedra, o teatro Jofre de Ferrol, as casas do concello de Pontevedra e Santiago de Compostela, as Fontes de Catro Camiños na Coruña ou os edificios das Deputacións de Pontevedra e A Coruña estiveron iluminados de azul e amarelo na tarde-noite do luns 21 de marzo.

A cara Down, tamén presente co Xacobeo

O Xacobeo fixo iluminar monumentos de Galicia co emblema das entidades Down para apoiar o Día Mundial da Síndrome de Down. Así, a fin de semana que precedeu ao 21, do 18 ao 20 de marzo, tamén estiveron iluminadas co emblema do Movemento Down e a frecha do Camiño as catedrais de Santiago de Compostela e Lugo e o edificio da delegación territorial da Xunta en Vigo.

Este acendido foi presentado nun acto central en Santiago. O director xeral de maiores e persoas con discapacidade, Fernando González Abeijón, a comisaria do Xacobeo, Cecilia Pereira, o presidente da Federación Down Galicia, Delmiro Prieto, e membros da Fundación Down Compostela participaron nel na noitiña do venres 18, presentando a iluminación da Torre da Berenguela da Catedral.



Acendido da Catedral de Lugo no 21M



Campaña de Down Galicia nos xornais galegos este 21M

Implicación de CRTVG e todos os xornais galegos

Un ano máis, Televisión de Galicia, Radio Galega e os xornais impresos e dixitais do país quixeron implicarse na visibilización das persoas coa síndrome de Down co gallo do 21M.

Pola súa parte, Televisión de Galicia e Radio Galega fixeron cobertura dos eventos realizados pola Federación e as súas entidades. Ademais de producir reportaxes e diferentes entrevistas.



Finalmente, os 11 principais xornais galegos colaboraron tamén co Departamento de Comunicación de Down Galicia para apoiar as súas campañas. Moitos deles publicaron un anuncio de sensibilización na súa versión impresa, mentres outros, coma Nós Diario, realizaron cobertura sobre as demandas realizadas neste Día Mundial.

Unha libreta Down ecolóxica para sementar a inclusión

"Sementando a semente da inclusión" é o lema co que as entidades Down en Galicia e La Voz de Galicia puxeron á venda un bloc de notas ecolóxico con motivo do Día Mundial da Síndrome de Down de 2022.

A venda deste produto ofreceu a todas aquelas persoas que o desexaron a oportunidade de colaborar de forma directa cos programas de inclusión e autonomía persoal que desenvolven as entidades Down en Galicia. Deste xeito, toda aquela persoa interesada puido reservalo no quiosco para poder recollelo co xornal La Voz de Galicia entre os días 21 e 27 de marzo por tan só 5,95€.

A libreta, de tamaño A5 e cun interior composto de 40 follas lisas, conta cun elemento sorpresa no seu interior: as súas tapas inclúen sementes de flores silvestres para que, ao rematar o seu uso, poida ser plantada, dándolle unha nova vida.

Un ano máis, a Federación opta por sumar esforzos a favor doutra reivindicación mundial histórica, a de salvar o noso planeta. Por este motivo, Down Galicia pon á venda un produto sostible e respectuoso co medio ambiente.

Pero, ademais, este bloc de notas presenta un deseño moi atractivo no que se inclúe a consigna, "Axúdasnos a seguir medrando?", co que o Movemento Down en Galicia quere poñer en valor a importancia dos apoios recibidos durante as últimas décadas.

Esta campaña pretende, principalmente, concienciar á sociedade e permitirlle aportar o seu gran de area para que as persoas coa síndrome de Down conten cos apoios necesarios e coas contornas adecuadas para levar unha vida autónoma, formando parte da súa comunidade de forma visible e activa, e demostrando as súas capacidades.

Esta iniciativa solidaria é posible grazas á colaboración desinteresada de La Voz de Galicia, que doará a Down Galicia o beneficio íntegro de cada bloc de notas vendido co seu xornal.



Imaxe promocional da libreta Down

A Conselleira de Política Social recolle as demandas de Down Galicia

Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social, e Fernando González Abeijón, Director Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, visitaron o 15 de febreiro as instalacións que a Federación Down Galicia e a Fundación Down Compostela teñen na cidade de Santiago, onde puideron comprobar de primeira man o traballo realizado por ambas as entidades.

Tras unha conversa inicial con Pepa Lockhart, usuaria de Down Compostela que puxo voz á recentemente premiada película 'Valentina', os representantes da Xunta de Galicia percorreron o edificio e observaron o desenvolvemento dalgunhas das sesións que se levan a cabo na Fundación. Alí, tiveron ocasión de charlar coas persoas usuarias da entidade, recibindo así as impresións e valoracións dos servizos que reciben, centrados na promoción da autonomía persoal das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e que teñen como obxectivo final a súa inclusión social.

En declaracións, García Martínez quixo falar sobre o filme de animación 'Valentina', destacando que grazas a el "os máis pequenos da casa poderán saber que as persoas coa síndrome de Down son quen de acadar e chegar ás metas que se propoñan sempre que conten con todos os apoios necesarios". Así mesmo, en nome do goberno, quixo "agradecer a Down Galicia o traballo esixente que levan a cabo día a día desde hai moitos anos".

Para finalizar, salientou que a administración ten "o firme propósito de continuar traballando de cara á inclusión das persoas con discapacidade e a sensibilización e concienciación dos máis pequenos".

Pola súa parte, Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, puxo de manifesto que as entidades Down "non estamos a percorrer este camiño sós, senón que contamos co apoio institucional, sen o que sería moito máis difícil conseguir o noso obxectivo". En canto ás capacidades das persoas coa síndrome de Down, o presidente da Federación quixo deixar claro que "non hai límites para elas e que as barreiras non están nas persoas, senón na propia sociedade".

Para finalizar, Prieto destacou que o empeño do Movemento Down en Galicia é "que chegue un momento no que o que hoxe é noticia deixe de selo e que non teñamos que celebrar tantos 'Días de', que poñen de manifesto que algo falla na sociedade, senón conmemorar o día no que non haxa nada que celebrar".

Ao terminar a visita ás instalacións, representantes da xunta directiva da Federación Down Galicia puideron trasladar á Conselleira e ao Director Xeral as principais demandas do conxunto Down, centrándose principalmente na necesidade de apoio da administración na avaliación e seguimento do envellecemento das persoas con síndrome de Down e discapacidade intelectual e a posta en marcha de prácticas formativas na administración en toda a Comunidade Autónoma.



Reunión entre a Consellería de Política Social e Down Galicia

Down Galicia reivindica a educación inclusiva no Día da Educación

O 24 de xaneiro celebrouse en todo o mundo o Día Internacional da Educación, unha efeméride que este ano pretendeu amosar as transformacións máis importantes que as sociedades deben levar a cabo para facer realidade o dereito fundamental á educación e construír un futuro máis sostible, inclusivo e pacífico. Aproveitando esta sinalada data, Down Galicia reivindicou a importancia da construción dun modelo educativo inclusivo baseado nos principios de calidade, equidade, flexibilidade e respecto á diversidade.

A evolución das nosas sociedades esíxenos dar un paso cara diante na defensa dos dereitos das persoas con discapacidade, para garantir a igualdade de oportunidades para o seu pleno desenvolvemento a través dunha educación inclusiva. Desde hai case 25 anos, na Federación Down Galicia cremos que o proceso de transformación educativa é ineludible e que non podemos obviar o camiño cara unha educación de carácter inclusivo.

A educación inclusiva implica cambios para dar resposta ao modelo social de apoio e atención ás persoas con discapacidade fronte ao modelo rehabilitador. As persoas con discapacidade non son a raíz do problema, senón que o son as diferentes barreiras coas que se atopan e as limitacións da propia sociedade para prestar servizos apropiados e para asegurar adecuadamente que as necesidades das persoas con discapacidade sexan tidas en conta no sistema educativo.

O dereito a unha educación inclusiva

A educación é un dereito humano, unha responsabilidade colectiva e un piar fundamental no desenvolvemento de calquera sociedade. Deste xeito, as sociedades avanzadas deben estar dotadas de institucións capaces de garantir este dereito a toda a poboación, sen excluír a ningún individuo por ningunha causa. É dicir, deben garantir, sen condicións, unha educación inclusiva nos centros ordinarios coa presenza, participación e aprendizaxe de todo o alumnado.


A Federación leva anos poñendo de manifesto que o sistema educativo español é discriminatorio coas persoas coa síndrome de Down e con outras discapacidades intelectuais e vulnera o establecido nos tratados internacionais, e espera que os cambios recollidos na nova lei educativa (LOMLOE) sirvan para iniciar o camiño cara un sistema que respecte o principio de educación inclusiva, baseado na igualdade de oportunidades e a non discriminación das persoas por razón da súa discapacidade.

Delmiro Prieto, presidente de Down Galicia, indica de forma tallante que “a educación ou é inclusiva ou non é educación” e lamenta que sexa “algo frecuente que se pense que algo é educación inclusiva cando non o é”. Así mesmo, resalta que “dentro da educación inclusiva non debemos confundir os termos porque o que non é educación inclusiva é outra cousa”.

O dereito a unha educación inclusiva está avalado pola Convención Internacional da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.



Sesión de Educación en Xuntos. Foto de arquivo



Unha profesional durante unha sesión

A Xunta subvencionou a contratación de nove persoas para postos técnicos durante o último período en Down Galicia

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da Secretaría Xeral de Emprego, financiou con 161.259,38 € a contratación de nove persoas desempregadas durante o pasado exercicio 2020-2021 para cubrir distintos postos de carácter técnico en varios dos centros de traballo da Federación Down Galicia.

Mediante estas contratacións de xornada parcial durante un ano deuse cobertura a diferentes áreas e programas que conforman o Servizo de Promoción da Autonomía Persoal para persoas coa síndrome de Down e discapacidade intelectual (SEPAP). Nesta ocasión, o persoal contratado desempeñou o seu labor nos programas de "Vida Adulta e independente", "Inclusión educativa", "Formación e emprego" e "Transversal: Coordinación, Administración e Xestión".

O servizo de Promoción da Autonomía Persoal de Down Galicia céntrase en proporcionar ás persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais os recursos adecuados que permitan a súa participación na comunidade da forma máis autónoma e independente posible, mediante o fortalecemento dos seus propios recursos e o adestramento da súa autonomía persoal.

O Hóckey Club Liceo ficha a unha moza de Down Coruña na utillaría

En febreiro, Pilar Pouso Ruocco, unha moza coa síndrome de Down usuaria da asociación Down Coruña, comezou a traballar como parte do staff do Hóckey Club Liceo. Tras un período de prácticas de dous meses de duración no que demostrou estar máis que preparada para o desempeño das funcións encomendadas, o afamado club coruñés contratouna como axudante de Fran Tato, utilleiro do equipo.

Así, durante os adestramentos catro días á semana e aqueles sábados nos que o Liceo xoga o seu partido como local, as súas tarefas consisten en levar o material á pista, ir buscar protectores e máscaras, fornecer de augas aos xogadores do equipo, ordenar os sticks, devolver as bólas que saen da pista nos adestramentos, recoller os tallos, entre outras.

Esta contratación, dunha duración inicial de 6 meses con posibilidade de renovación, foi iniciativa do capitán do Hóckey Club Liceo, Dava Torres, que tras a campaña "1 partido, 1 causa" que dedicaron á asociación Down Coruña, mostrou o seu interese en que o club contratase a unha persoa do programa de emprego da entidade.

Este é o primeiro contrato de traballo que asina Pili, que móstrase moi contenta e agradecida. De igual modo, Down Coruña quere destacar o interese mostrado desde o inicio das conversacións co club, que con esta incorporación demostra que a inclusión laboral das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais é posible.



Pìlar, no traballo cun xogador do Hockey Club Liceo



Un dos carteis informativos da mostra

Down Compostela estrea 'Iguais.gal', unha mostra polo Día da Muller

Con motivo do Día da Muller o pasado 8 de marzo, Down Compostela estreou a mostra "Iguais.gal", un proxecto de formación, sensibilización e promoción da autonomía que ten por obxectivo reivindicar a diversidade, o feminismo e as novas tecnoloxías coma elementos clave nunha sociedade libre, plural e democrática na que todas e todos sumamos.

A exposición, que contou para a súa creación coa participación de 47 persoas usuarias do Programa de Inclusión Social e Laboral da entidade, recolle a vida de 12 mulleres galegas que deixaron a súa pegada: Luz Fandiño Rodríguez, Susana Rodríguez Gacio, Carmen Avendaño Otero, Maruja Mallo, Antía Cal Vázquez, Irmáns Touza Domíguez, Margarita Ledo Andión, Ángeles Alvariño González, Tanxugueiras, as heroínas de Sálvora, María Miramontes Matos e Teresa Cuíña Vence.

Partindo de reunións de traballo nas que a chuvia de ideas e o debate concluíron na definición da proposta. Unha vez pechado este punto, iniciouse un proceso de selección de historias axustándose aos criterios establecidos: mulleres galegas dos séculos XX e XXI que representan diferentes eidos. Tras esta selección iniciouse a segunda fase do proxecto, máis centrada na investigación e a composición, comezando coa elaboración dos textos, a gravación dos audios e a xeración dos códigos QR para os carteis definitivos.

A mostra púidose ver no Centro Sociocultural de Fontiñas e no Módulo B1 da Facultade de Ciencias da Educación.

Un mozo de Down Ourense realiza prácticas formativas na conserxería do Campus de Ourense

O pasado 7 de febreiro comezou unha nova etapa para Saúl Álvarez, un mozo usuario da asociación Down Ourense. El foi unha das persoas beneficiarias das "Bolsas destinadas a persoas con discapacidade intelectual para a formación práctica na Universidade de Vigo", que teñen por obxectivo a formación de mozos e mozas con discapacidade intelectual para que sexan capaces de desenvolverse en diferentes contextos sociais e laborais e lograr así a súa progresiva inclusión no mercado laboral, conseguindo graos de autonomía e independencia persoal.

En concreto, Saúl está a realizar a súa formación como Auxiliar de Servizos Xerais na Conserxería do Edificio Xurídico Empresarial que a UVigo ten no Campus de Ourense.

No desenvolvemento destas prácticas formativas, de tres meses de duración, poderá aprender tarefas como a clasificación e repartición de correo interno, a preparación do correo externo (cartas ordinarias e certificadas), a atención ao alumnado e docentes, a atención telefónica, a reserva de aulas, a entrega de chaves de aulas e seminarios, a revisión dos taboleiros de anuncios e tarefas de mantemento.

Esta é a primeira experiencia profesional de Saúl, que esperemos poida abrirlle un mundo de posibilidades e oportunidades laborais nun futuro moi próximo.



Saúl, no seu lugar de traballo



Usuarias e usuarios de Xuntos co Marín Futsal

Xuntos aposta polo deporte inclusivo coa sinatura de tres convenios

O deporte é un entretemento divertido e san que debe ser practicado por todo o mundo, a todas as idades e sen distinción de condición nin capacidades. A práctica deste mellora as habilidades sociais e físicas, que favorece moi especialmente ás persoas con algún tipo de discapacidade: mellora da coordinación xeral, axuda coa postura corporal, desenvolvemento da orientación espacial, desenvolvemento da forza, resistencia, flexibilidade e ton muscular, entre outras.

Por este motivo, no último trimestre de 2021, Xuntos asinou varios convenios de colaboración con entidades deportivas da súa contorna.

En primeiro lugar, o **Club de Taekwondo Taekanart**, co obxectivo de que as persoas usuarias, socias e familias de Xuntos poidan participar nas súas sesións, ofrece un desconto do 15% na cota do club.

Por outra banda, o **CAB Club Baloncesto Pontevedra** facilitará entradas ás persoas usuarias da entidade para que poidan acudir a partidos oficiais dos equipos do club. Así mesmo, animan ás persoas interesadas en xogar ao baloncesto a informarse e participar activamente no equipo.

Por último, o convenio co **Marín Futsal** facilitará entradas para que as persoas vencelladas a Xuntos poidan asistir aos seus partidos e levará a cabo accións de visibilidade co fin de incluír ás persoas con discapacidade na sociedade.

Unha moza de Down Vigo comeza a traballar no sector da moda

Iris Curra, unha moza que forma parte do Servizo de Emprego con Apoio de Down Vigo, acaba de incorporarse ao equipo de traballo que a tenda Scalpers, marca de retail especializada en moda, ten na céntrica rúa Príncipe da cidade olívica.

Esta é a súa primeira experiencia laboral, un primeiro contrato que afronta con especial ilusión. Iris xa realizara con anterioridade prácticas formativas en diferentes empresas, ás que sumará esta nova oportunidade no sector da moda, aumentando así a súa capacitación profesional.

Cun contrato inicial de seis meses, Iris cumpre un dos seus soños: "traballar en moda". O seu posto consiste en realizar tarefas en dúas áreas da tenda: a propia superficie de vendas e o almacén.

Así como as tarefas son importantes, tamén o é o ambiente laboral, no que Iris se atopa especialmente cómoda. "Os meus compañeiros son moi simpáticos e súper bos comigo. Trátanme ben e axúdanme en todo. Sempre se preocupan por como estou".

Pola súa banda, desde o equipo de Scalpers tamén valoran como positiva a incorporación de Iris, destacando que están "contentos" coa súa incorporación e esperan que estea "a gusto" nesta nova experiencia, na que, consideran, eles e elas tamén poderán aprender de Iris.



Iris en plena tarefa no seu posto



Saída de ocio de Down Lugo. Foto de arquivo

A mocidade de Down Lugo comparte as súas opinións e vivencias no seu blog

Unha fiestra pola que compartir experiencias, inquedanzas e opinións, na que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais poidan amosarse como son e contar abertamente o que pensan e o que son capaces de facer. Con esa intención naceu "O noso espazo", unha das interesantísimas seccións da web da asociación Down Lugo.

"O noso espazo" está pensado para ser un lugar onde a mocidade da entidade se sinta cómoda para expresarse sen reservas e mediante o que traballan a lectura, a escritura, a comprensión, así como as habilidades comunicativas e a relación entre os compañeiros e compañeiras.

Esta iniciativa ten a súa orixe nun obradoiro creado hai algúns anos co obxectivo de habilitar un espazo no que as persoas usuarias puideran comentar e analizar cuestións do seu interese, ao tempo que coñecen noticias da actualidade a través da prensa (en papel e online) e aprenden a manexala.

A través de distintos artigos escritos de forma periódica, as persoas participantes falan e opinan de diferentes temas, tales como experiencias persoais, temas de actualidade social e política, curiosidades, información da cidade e do país, etc.

Ao longo destes anos xa son moitos os temas traballados: as súas primeiras experiencias laborais e formativas, festas populares, voluntariado, viaxes, temas de actualidade, películas, música… e os que quedan!

Séguenos

DownGalicia.org

Facebook.com/DownGalicia

Twitter.com/DownGalicia

Youtube.com/DownGalicia

Flickr.com/DownGalicia

Subscríbete

Recibe a Revista de Down Galicia no teu correo!

Contacta

O Departamento de Comunicación de Down Galicia é o encargado de confeccionar, publicar e difundir todo evento ou aspecto noticioso das entidades membro da Federación. Non dubides en poñerte en contacto co mesmo no enderezo **comunicacion@downgalicia.org**.

Subvencionado por

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Consulta a nosa política de privacidade



Iluminación do Pazo de Raxoi de Santiago polo 21M